



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

# "SABADOS OBRIGATORIOS"

Vigo, 2 de Febreiro de 2012

Ante a pretensión da Dirección na negociación colectiva, de facernos retroceder nos nosos dereitos sociais, a C.I.G., no que respecta ós posibles sábados obrigatorios, quere refrescar a memoria histórica do por que moitos dos que nos incorporamos a esta Fábrica non tivemos a obriga de traballalos.

**1972.** En plena ditadura franquista, onde os cidadáns tiñamos prohibido todo exercicio da liberdade, os traballadores/as de Citroën que ocupaban daquela os nosos postos de traballo, deciden facer fronte á obrigatoriedade de vir a traballar os sábados. Así, e pese á situación onde as folgas eras ilegais, o sábado día 14 de setembro dese ano, deciden non entrar a traballar. A reacción da Dirección foi inmediata, procedendo ó despedimento dos Representantes dos Traballadores. Ante este feito toda a industria de Vigo saíu en solidariedade, apoiando á Plantilla de Citroën.

Durante 15 días as brigadas especiais tomaron a cidade, exercendo unha brutal represión nas rúas, non respectando a ninguén, fosen anciáns, mulleres ou rapaces.... Entraban nos establecementos para desaloxar ás persoas que estivesen no seu interior. Os domicilios dos traballadores eran visitados de noite para detelos e mallalos nos "cuartelillos", algúns incluso sufriron cárcere.

Este é, moi resumido, o prezo que pagaron os que nos precederon nesta Planta, seguramente máis de un somos fillos/as daquela xeración.

Aquel alto sacrificio abriu o camiño para que nos anos seguintes se conseguira deixar a obrigatoriedade de traballar os sábados.

**2012.** Nesta Negociación de Convenio cúmprense 40 anos, e cando os avances tecnolóxicos nos deberan obrigar a mirar cara adiante na procura de mellorar a calidade de vida no traballo, a Dirección, quérenos obrigar a camiñar cara atrás, escudándose nun Real Decreto, do que se pode pactar non aplicalo, e que está dirixido para aquelas Empresas que non contan con ningún mecanismo de flexibilidade -que as hai-, pero non é o caso desta Planta, onde todos/as sabemos que unha parte da xornada laboral xa esta sendo flexible a traveso dos días de Bolsa de Horas ... os Días de Adecuación de Xornada, que nun ano poden ser 10 días.

Se a isto lle engadimos a Quenda de Noite que nace con flexibilidade, onde se fai incluso un uso e abuso tanto da xornada como do horario, podemos afirmar que esta medida pretende que retrocedamos catro décadas. Non só non conta coa obriga legal nin Industrial, senón que ademais no caso de Citroën sería profanar a memoria de aquelas persoas que, nas perores circunstancias o deron todo para que as seguintes xeracións tivéramos mellores condicións de traballo.

Por todo o exposto, para a C.I.G. esta é unha liña vermella que non imos cruzar.

## Confederación Intersindical Galega

Avda. Citroën. 3. 5. C\_P. 36210 Teléfono/Fax: 986215 833 We6: cigcitroen.com: [Email: automcion@cigcitroen.com](mailto:automcion@cigcitroen.com)